FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

CAMPIONATO GALEGO DE WÁTER-POLO INFANTIL

Tempada 2011 – 2012. Circular 11-40.

1.- PARTICIPACIÓN.

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubes inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa (Licenza Deportista de Competición), de calquera modalidade da FEGAN.

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo, DNI orixinal ou fotocopia compulsada do DNI, antes de cada encontro.

1.4.- A idade dos xogadores será a dos nacidos no ano 98 e posteriores na categoría masculina e feminina.

2.- INSCRICIÓNS.

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 30 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato Galego Infantil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- CALENDARIO.

3.1.- Celebraranse un Campionato de verán segundo calendario. As datas poden ser modificadas sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicaríanse oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- SISTEMA DE XOGO.

4.1.- O sistema de xogo a empregar quedará supeditado ao número de equipos inscritos. Para conseguir unha maior celeridade á hora de concretar que sistema de xogo se empregará en cada tempada achéganse os modelos para o coñecemento de todos os clubes galegos.

No caso de inscribirse só tres equipos, o sistema de competición será en formato liga (A-B; A-C; B-C)

4.2.- Establecerase unha xornada preliminar (especificado na circular Sistemas de Competición Copa de Wáter-polo) de tal forma que á xornada final do Campionato cheguen catro equipos para disputar semifinais e final.

4.3.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición acabarán cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.4.- Xogarase conforme á normativa de wáter-polo publicada.

4.5.- O sorteo celebrarase no campionato anterior. No caso de que sexa o primeiro campionato en disputarse, celebrarase dito sorteo na sede que a FEGAN considere oportuno.

5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

6.- TÍTULOS E PREMIOS.

6.1.- Ao rematar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e trofeo-recordatorio a cada equipo participante e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados e recordatorio a os compoñentes dos restantes equipos participantes.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011.

Secretaría Xeral FEGAN